

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO DE GOBERNO DE 26 DE SETEMBRO DE 2019**

**Lugar:** Sala do Consello de Goberno, Reitoría da Universidade.

Ás 09:38 horas, en segunda convocatoria e comprobada polo secretario a existencia de quórum suficiente, iníciase o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día que figura como **anexo I**.

A relación de asistentes figura como **anexo II** escusando a súa asistencia M<sup>a</sup> Jesús Lorenzo Modia, María Fernanda Miguélez Pose, M<sup>a</sup> Leticia Eirín García e Armando José Yáñez Casal.

**1. Informe do reitor**

O reitor informa que o 19/09/2019 produciuse a entrada de Denise Gastaldo como nova claustral da nosa universidade ao ser nomeada como doutora honoris causa pola Universidade da Coruña.

Dar a benvida ao profesor Alejandro Pazos Sierra, que se incorpora ao Consello de Goberno en substitución de Blanca Laffon Lage como representante dos directores de departamento, agradecendo á profesora Blanca Laffon o traballo realizado.

A apertura do curso oficial do Estado español vaise celebrar o próximo día 30/09/2019 na UDC, presidida polo Ministro de Universidade, o presidente da CRUE e o Xefe do Estado . É unha oportunidade para dar a coñecer a nosa universidade e supón un recoñecemento da UDC polas demais universidades españolas.

Nos medios de comunicación e no portal de transparencia da Xunta de Galicia publicouse para información pública o anteproxecto de lei de creación dunha nova universidade privada co nome de Universidade Intercontinental da Empresa impulsada pola Fundación Abanca. A publicación é incompleta ao carecer de memoria e informes, en contradición co disposto na leis galegas de transparencia e de organización e funcionamento da Administración.

Sorpresa polo anuncio dos “Open Degree” polo presidente da Xunta sen ter previamente informado ás tres universidades do SUG. Até a data, esta é a única información da que dispomos. Estes graos abertos, que xa existen noutras universidades, supón que o alumnado se matricule en 90 créditos de varias titulacións, escollendo despois en cal delas se vai matriuclar.

Canto á actividade da CRUE, reuniuse a executiva o pasado 25 de setembro. Ao non haber goberno co que negociar dificilmente se pode avanzar nunha nova lei de universidades ou en materia de financiamento.

O vicerreitor de **Política Científica, Investigación e Transferencia** dou conta dos seguintes asuntos:

1.- Solicitudes das axudas Ramón y Cajal 2019. Na última convocatoria foron concedidas 3 axudas Ramón y Cajal. Neste caso dúas das axudas foron para dous dos investigadores

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	06/11/2019 13:59:49 06/11/2019 13:56:54
Observacións		Páxina	1/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		



Intalent (Jorge Ledo de Filoloxía e José Antonio Guitián de Informática, ademais doutra axuda RyC para unha das nosas posdoc da Xunta a doutora Eva Parga Dans.

2.- Tamén me gustaría resaltar a consecución dunha das Starting Grant do programa Horizonte 2020 cun financiamento de 1.5 millóns de euros para a investigadora Intalent Elena Pazos Chantrero. Co proxecto SENSE que está desenvolvendo no CICA.

3.- Beatriz Galindo. Foron xa seleccionadas as axudas Beatriz Galindo, aínda que están en período de prazo de alegacións ata o luns. Desde o Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades nos fixeron chegar a acta cos seleccionados polo panel internacional de expertos

REF. PRAZA		APELIDOS E NOME	ESTADO
BEAGAL18/00142	NANOBIOLOXÍA	VALDIGLESIAS GARCÍA, VANESSA	SELECCIONADO
BEAGAL18/00143	MATEMÁTICAS	LÓPEZ CHEDA, ANA	SELECCIONADO
BEAGAL18/00144	NANOQUÍMICA	MARTÍNEZ CALVO MIGUEL	SELECCIONADO
BEAGAL18/00210	PSICOLOXÍA	PÉREZ SINDÍN LÓPEZ, XOAQUÍN S.	SELECCIONADO

4.- Xornadas. Informar do éxito das xornadas celebradas o pasado 12 de Setembro e realizadas pola nosa OTRI baixo o título “AS CONVOCATORIAS DO EIC: OPORTUNIDADES PARA A UNIVERSIDADE E A EMPRESA” sobre os novos programa de Innovación do EIC, coa participación de representantes do CEDETI do H2020 e membros da OTRI que se desenvolveron no salón de actos da Escola de Camiños. Tamén se fixeron outra interesante Xornada sobre ciberseguridad o pasado 24 de setembro na Facultade de Informática coa participación de expertos da Garda Civil e estudantes da UDC.

5.- Solicitud de dous proxectos COFUND European Joint Programme Cofund (EJP Cofund). Queríamos agradecer as empresas Inditex e Navantia polo apoio prestado para a solicitude de axudas europeas de tipo Cofund. A axuda solicitada con Inditex e para a captación de talento (estender proxecto Intalent) e a solicitada co apoio de Navantia é para doutorados industriais ligados a temáticas da Industria 4.0 con varias universidades europeas e liderada pola RMIT australiana.

**O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente**, informou dos asuntos seguintes:

**03/09/2019.** Autorizouse a contratación no Departamento de Economía de profesorado polas listas de agrada das prazas 19/6005 e 19/6006 polos seguintes motivos:

- Praza 19/6005 profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 en Fundamentos da Análise Económica, debido a que renunciou ao seu contrato un asociado P06 ao ter acadado outra praza.
- Praza 19/6006 dun/ha profesor/a contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 en Métodos Cuantitativos para Economía e Empresa, debido a baixa por IT dun profesor Axudante Doutor.

O Servizo comunica que ninguén da lista de agarda da praza 19/6006 aceptou o contrato, polo que búscase co departamento alternativas.

**04/09/2019.** A vista de que 3 axudantes doutores remaban contrato nos meses de outubro e novembro, sen que aínda foran convocadas as prazas de contratado/a doutor/a incluídas na OEP 2019 para fomentar a súa estabilidade, esta vicerreitoría

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54
Observacións		Páxina	2/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		




autorizou a aplicación da cláusula incluída no seu contrato, que fora asinado no seu día por un período de 4 anos, que posibilitaba a prórroga dun ano previa solicitude expresa dos interesados. Os contratos prorrogados son os seguintes:

Nome	Departamento	Área de Coñecemento	Data finalización contrato Axudante doutor/a	Observación
Soneira Calvo, Carlos	Pedagogía e Didáctica	Didáctica das Matemáticas	20/10/2019	Prorroga ata o 20/10/2020
Teasley Severino, Cathrym	Pedagogía e Didáctica	Didáctica e Organización Escolar	22/10/2019	Prorroga ata o 22/10/2020
Andrade Suárez, María José	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Socioloxía	16/11/2019	Prorroga ata o 16/11/2020

**10/09/2019.** Informouse positivamente a solicitude de excedencia voluntaria por interese particular dun profesor do INEF P06 tras recibir o informe do Departamento de Educación Física e Deportiva e co compromiso de contratación dun/ha profesor/a substituto P06 para cubrir esa excedencia. Para esta contratación empregárase a lista de contratación a resultas do proceso de selección dunha praza de INTSUBS a tempo completo que fora aprobada en Consello de Goberno do 23/07/2019.

**10/09/2019 e 13/09/2019.** Autorizouse a convocatoria das seguintes 4 prazas polo procedemento de urxencia, a convocatoria foi publicada na Sede Electrónica o 16/07/2019:

CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSER
Contratado/a interino/a de substitución	Tempo completo	Didáctica da Lingua e da Literatura	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación	Facultade de Ciencias da Educación	652G02005 Lingua Galega e súa Didáctica 437821 Bases Epistemolóxicas para o Ensino das Linguas e Literaturas Galega e Castelá	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	
Contratado/a interino/a de substitución	Parcial P06	Economía Aplicada	Economía	Facultade de Economía e Empresa	611G02011 Economía Mundial e Española 650G01007 Economía Mundial e Española	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Baixa I López Rodríguez

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49	
Observacións	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54	
Url De Verificación	Páxina		3/10	
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>			


CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSER
Asociado/a	Parcial P06	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	614G01028 Aseguramento da Calidade 614G01021 Xestión de Proxectos	Diplomado, Arquitecto/a Técnico, Enxeñeiro/a Técnico, Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Contratado/a duración meses
Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Ciencias da Computación e Intelixencia Artificial	Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información	Facultade de Informática	4522010 Análise de Imaxes Biomédicas 614G01022 Interfaces Persoa Máquina 614G01006 Programación II	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Ausente maternidade

Estas prazas son convocadas polos seguintes motivos:

- O Departamento de Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación remitiu unha petición de convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Profesor/a Contratado/a Interino/a de Substitución a tempo completo debido á renuncia ao seu posto de traballo dende o 15/09/2019 dunha profesora contratada interina de substitución a tempo completo.
- O Departamento de Economía remitiu unha petición de convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Profesor/a Contratado/a Interino/a de Substitución a tempo parcial P06 debido á baixa por IT dun profesor Titular de Universidade.
- O Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información remitiu a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de Asociado/a P06 debido a necesidades docentes temporais producidas pola ausencia por maternidade dunha Axudante Doutora que se prolongara ao longo do primeiro cuadrimestre do curso académico 2019/2020. O departamento considera que, debido as características do encargo docente a cubrir, a figura máis axeitada é a de Asociado/a.
- O Departamento de Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información remitiu a convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de contratado/a interino/a de substitución P06 debido a ausencia por maternidade dunha profesora Contratada Doutora.

**19/09/2019.** Autorizouse a convocatoria das seguintes 2 prazas polo procedemento de urxencia:

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==		Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor		Asinado	06/11/2019 13:59:49
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral		Asinado	06/11/2019 13:56:54
Observacións			Páxina	4/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>			




PROFESOR	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA	DEPARTAMENTO	CENTRO	DOCENCIA	TITULACIÓN	OBSERVACIÓNS
	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Dereito Civil	Dereito Privado		650G01001 Introdución ao Dereito 612G01024 Dereito da Contratación 612G01027 Dereitos Reais	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Baixa de IT
	Contratado/a Interino/a de Substitución	Parcial P06	Economía	Métodos Cuantitativos para a Economía e a Empresa	Facultade de Economía e Empresa	611G02009 Matemáticas I 611G02010 Matemáticas II	Licenciado/a, Arquitecto/a, Enxeñeiro/a ou Graduado/a	Baixa por I

Estas prazas son convocadas polos seguintes motivos:

- O Departamento de Dereito Privado remitiu unha convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de profesor contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 debido a necesidades docentes temporais producidas pola ausencia por baixa de IT dunha profesora Titular de Universidade a tempo completo.
- O Departamento de Economía solicitou con data do 19/09/2019 unha convocatoria polo procedemento de urxencia dunha praza de profesor contratado/a interino/a de substitución a tempo parcial P06 debido a necesidades docentes temporais producidas pola ausencia por baixa de IT dunha profesora axudante doutora e dado que non foi posible a contratación de ningún/ha candidato/a incluído/a na lista de espera da praza 19/6006, ao ter rexeitado todos/as a oferta de contrato.

**20/09/2019.** A COAP autorizou a venia docente dos seguintes profesores que contan co informe favorable do Departamento de Socioloxía e Ciencias da Comunicación:

PERSOA PROPOSTA	CENTRO	CURSO ACADÉMICO	MATERIA	DEPARTAMENTO QUE EMITE O	OBSERVACIÓNS
Rodríguez Carro, Carlos	EU de Turismo	2019/2020	662G01032 Xestión Pública de	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Informe favorable
Romaní de Gabriel, María	EU de Relacións Laborais	2019/2020	660G01017 Socioloxía do Traballo 660G01020	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Informe favorable
Lago Peñas, José	EU de Relacións Laborais	2019/2020	660G01036 Estrutura Social	Socioloxía e Ciencias da Comunicación	Informe favorable

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora	
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49	
Observacións	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54	
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==		Páxina	

**20/09/2019.** A COAP acordou remitir ao Consello Social a relación de 97 profesoras e profesores desta Universidade coas valoracións, aprobadas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación, Certificación e Acreditación (CGIACA) nas súa xuntanza do pasado días 02 de xullo de 2019, para os efectos da asignación do complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

**20/09/2019.** Na xuntanza da COAP e previamente na reunión cos representantes sindicais, informouse da posibilidade de que unha das prazas de promoción a Titular de Universidade na área de Fisioloxía Vexetal da OEP do ano 2019 poda ser convocada empregando unha das 4 prazas reservadas na OEP co requisito de estar en posesión do Certificado I3. Este cambio dará lugar á posibilidade de convocar unha nova praza de Titular de Universidade para a promoción da primeira solicitude que quedou fora na relación de áreas onde se convocarían as prazas de Titular de Universidade, neste caso na área de Bioquímica e Bioloxía Molecular.

**25/09/2019.** Publicouse na Sede Electrónica da UDC a convocatoria de 2 prazas para a selección de áreas de coñecemento para a captación mediante concurso de novo profesorado acreditado a profesor/a contratado/a doutor/a ou axudante doutor/a. O prazo de solicitude será de 10 días hábiles, do 26/09/2019 ao 09/10/2019.

Esta convocatoria foi presentada previamente á COAP e á Mesa de representación sindical.

**A vicerreitora de Estudantes, Participación e Extensión Universitaria,** dou conta de:

Informo dos cursos de extensión universitaria autorizados na Comisión de Ext. Universitaria:

23 de xullo:

"Seminario de Deportes de Raqueta-Pala: Bádminton y Pádel" Gabriel Torres Tobio

"Seminario Competición y Rendimiento en Balonmano" de Gabriel Torres Tobio

6 de setembro:

"La economía circular en el marco de la agenda mundial 2030 y el cumplimiento del objetivo de desarrollo sostenible n 12" de Adina Dumitru do campus de sustentabilidade.

Nesta mesma comisión se aprobaron os horario da aula de estudio, os prezos das prazas da residencias públicas do curso 2019/2020. Está prevista a apertura de aulas de traballo, en breve, unha no Campus de Ferrol e outra no Campus de Coruña.

Informo tamén da publicación da convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da Universidade a Coruña para a Escola Universitaria de Deseño Industrial, e a publicación da listaxe provisoria de propostas admitidas, excluídas e listaxe de agarda da 1.ª Convocatoria de orzamentos participativos da área de Cultura da Universidade da Coruña para fomentar as propostas culturais da comunidade universitaria, publicación da relacións definitivas nas residencias públicas universitarias de Ferrol e A Coruña, da resolución de adxudicatarios da Convocatoria de bolsas de colaboración para formación complementaria do estudiantado da UDC e da resolución de adxudicatarios da Convocatoria da UDC para bolsas de formación complementaria nos departamentos universitarios dos centros propios. Ademais, hoxe publicouse a listaxe provisional da convocatoria do fomento da cultura científica, tecnoloxía e da innovación en colaboración cos museos científicos da Coruña.

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54
Observacións		Páxina	6/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		



Tamén informo da celebración o 12 de setembro da Xornada de Benvinda con diferentes actividades deportivas, culturais e medioambientais, postos informativos dos diferentes Servizos e Unidades da UDC. Ademais, as Asociacións Estudiantís desenvolverán unha variada oferta de actividades participativas. Terminou no Ágora ás 20.00h con **Abril an Estambul** de Espido Freire interpretado por Espido Freire. **Esta noite moriré** baseado na novela do mesmo título de Fernando Marías, interpretado por Fernando Marías. Por último, o 5 de setembro inaugurouse en NORMAL a exposición "Maquinando o debuto" de Marco Moreira.

O reitor presenta os informes de:

**Vicerreitoría a de Internacionalización e Cooperación** dando conta dos seguintes asuntos:

- Na primeira semana de setembro tivo lugar na Escola Universitaria Politécnica a cuadrexésima edición das Xornadas de Automática. Un congreso que contou coa participación de preto de trescentas persoas entre profesores, investigadores, estudantes e profesionais do sector.

Comprácame felicitar ó profesor Jose Luis Calvo Rolle quen xunto cos membros do comité organizador fixeron un excelente traballo para conseguir que as xornadas foran un éxito.

- O día 10 de este mes a reitora da Universidade Jaime I quen foi nomeada recentemente Delegada da presidencia da CRUE para políticas de igualdade convocounos ás vicerreitoras/es con competencias nesta área a unha reunión en Madrid para presentar ó proxecto Innovatia 8.3, un proxecto desenvolvido conxuntamente polo Instituto de la Mujer e a Universidade de Santiago co que se pretende promover a innovación e o emprendemento feminino. A UDC está adherida a este programa dende o pasado mes de xuño.
- O día 13 de este mes tivo lugar a clausura do curso na Cátedra Jorge Juan e o relevo na dirección de dita Cátedra. Sendo nomeada para o curso actual a profesora da Facultade de Ciencias do Traballo Asunción López Arranz, desexándolle moito éxitos neste cometido
- Coincidindo coa convocatoria internacional da semana polo clima, a delegación da asociación Fridays for Future en Ferrol representada pola estudante e membro deste CG María Bañón, organizou no Campus de Ferrol, unha serie de actividades informativas e reivindicativas fronte a emerxencia climática.

**Vicerreitoría de Oferta Académica e Innovación Docente** dando conta dos seguintes asuntos:

O pasado 30 de xullo tivo lugar unha reunión na Secretaría Xeral de Universidades á que acudimos os representantes das vicerreitorías con competencias en titulacións das tres universidades. O seu obxectivo era chegar a un acordo para completar a oferta académica nos campus galegos para os próximos anos, e actualizar así o mapa de titulacións, que fora aprobado no 2017 e que estará vixente até o 2021. Os acordos que se adoptaron para a UDC son: a incorporación do grao de Nanociencia e Nanotecnoloxía

<b>Código Seguro De Verificación</b>	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	7/10
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		



para o curso 2020-2021 no Campus da Coruña; e o grao de Relacións Internacionais no curso 2021-2022 no Campus de Ferrol. Este último será un grao interuniversitario entre a UDC e a UVigo

(Campus de Ourense). Tamén no campus de Ferrol se nos autorizou a impartir no vindeiro curso unha simultaneidade entre dúas enxeñarías, podería ser entre eléctrica e mecánica; en calquera caso, quedamos en que serán os centros implicados os que indicarían a simultaneidade que lles pareza máis axeitada, tendo en conta a demanda laboral e as necesidades formativas dos estudantes. Canto ás outras universidades, a UVigo impartirá o grao dual en Tecnoloxía da Automoción a partir de 2021, e en 2020 a simultaneidade entre Enxeñaría Mecánica e Enxeñaría Electrónica Industrial e Automática; e a USC o grao en Innovación Gastronómica e Xestión Hoteleira.

Lembrar que o vindeiro 30 de setembro remata o prazo para o envío de resumos para participar nas IV Xornadas de Innovación Docente. Pídvos que animedes ao profesorado dos vosos centros a participar. Este ano están dirixidas especialmente a dar a coñecer o traballo que se está a facer dentro dos Grupos de Innovación Docente.

Hoxe mesmo terá lugar no concello de Betanzos a presentación pública da segunda edición do Programa de Democratización do Coñecemento, que a Universidade Sénior impulsa para maiores de 50 anos.

Pola súa parte, a **vice-reitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social** informou dos seguintes asuntos:

- Na primeira semana de setembro tivo lugar na Escola Universitaria Politécnica a cuadrexésima edición das Xornadas de Automática. Un congreso que contou coa participación de preto de trescentas persoas entre profesores, investigadores, estudantes e profesionais do sector.

Comprácame felicitar ó profesor Jose Luis Calvo Rolle quen xunto cos membros do comité organizador fixeron un excelente traballo para conseguir que as xornadas foran un éxito.

- O día 10 de este mes a reitora da Universidade Jaume I quen foi nomeada recentemente Delegada da presidencia da CRUE para políticas de igualdade convocounos ás vice-reitoras/es con competencias nesta área a unha reunión en Madrid para presentar ó proxecto Innovatia 8.3, un proxecto desenvolvido conxuntamente polo Instituto de la Mujer e a Universidade de Santiago co que se pretende promover a innovación e o emprendemento feminino. A UDC está adherida a este programa dende o pasado mes de xuño.
- O día 13 de este mes tivo lugar a clausura do curso na Cátedra Jorge Juan e o relevo na dirección de dita Cátedra. Sendo nomeada para o curso actual a profesora da Facultade de Ciencias do Traballo Asunción López Arranz, desexándolle moito éxitos neste cometido
- Coincidindo coa convocatoria internacional da semana polo clima, a delegación da asociación Fridays for Future en Ferrol representada pola estudante e membro deste CG María Bañón, organizou no Campus de Ferrol, unha serie de actividades informativas e reivindicativas fronte a emerxencia climática

<b>Código Seguro De Verificación</b>	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor	Asinado	06/11/2019 13:59:49
	Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:56:54
<b>Observacións</b>		<b>Páxina</b>	8/10
<b>Url De Verificación</b>	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		





Finalmente, o **xerente** informou dos asuntos da súa competencia:

#### PROMOCIÓN INTERNA CORRESPONDENTE Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO PAS DA UDC DO ANO 2018

Tal e como informei no pasado Consello de Goberno, de acordo co previsto, o pasado día 9 de setembro, publicouse no Diario Oficial de Galicia a convocatoria de probas selectivas para o ingreso nas escalas de funcionarios polo sistema de promoción interna. Esta convocatoria supón a posibilidade do ascenso de subgrupo para un total de 47 persoas funcionarias da UDC distribuídas nas seguintes escalas:

- 7 na escala de técnicos de xestión da UDC- subgrupo A1;
- 6 na escala técnica superior da UDC- subgrupo A1, destes 2 para a especialidade de Deportes, 2 especialidade de Normalización Lingüística, 1 especialidade de secretario técnico UTC, e 1 especialidade de relacións laborais e acción social;
- 25 na escala de xestión da UDC- subgrupo A2;
- 9 na escala técnica de grao medio da UDC- subgrupo A2, destes 2 para a especialidade de Actividades Culturais, 1 especialidade de Calidade, 1 especialidade de Cooperación e Voluntariado, 1 especialidade de Deseño Gráfico, 1 especialidade de Equipamentos e Almacéns, 2 especialidade de secretario técnico, e 1 especialidade de Actividades Institucionais.

A promoción interna correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2019, en total 37 prazas, negociarse e convocarase antes de que remate o presente ano.

#### ESTADO DAS XESTIÓNS RELATIVAS AO IVE 2018

No anterior Consello de Goberno do 23 de xullo, informei de que con data 21 de xuño comunicouse pola Delegación en Galicia da Axencia Tributaria acta e informe de disconformidade. Neste documento a contía da liquidación proposta é de 128.226,99 €. No prazo de 15 días establecido, formuláronse alegacións xunto coa documentación e xustificacións correspondentes, coa dobre finalidade de: incrementar a contía proposta pola AEAT e fundamentar unha hipotética posterior demanda.

Como consecuencia do anterior, recibíuse notificación do Acordo de Liquidación no que figura que a contía a devolver se incrementa a 222.828,81 €.

Como a cantidade que solicitou a devolver a UDC foi de 624.151,72 €, mediante escrito do 13 de agosto de 2019 presentouse Reclamación Económico Administrativa dirixida ao Tribunal Económico-Administrativo Central pola antedita cantidade.

<b>Código Seguro De Verificación</b>	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	<b>Estado</b>	<b>Data e hora</b>
<b>Asinado Por</b>	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado	06/11/2019 13:59:49
<b>Observacións</b>		Asinado	06/11/2019 13:56:54
<b>Url De Verificación</b>	<b>Páxina</b>		9/10
	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		



## 2. Acordos

2. Foi aprobada a acta da sesión ordinaria do 23 de xullo de 2019
3. Convenios (7 marco, 24 específicos e 70 de prácticas **anexo III** - aprobado)
4. Proposta de cobertura de vacante de PDI (rama xurídico social) na COAP: aprobada a substitución de Blanca Laffon Lage por Manuel Gómez Suárez
5. Apróbase a substitución de Carlos Nogueira Souto por Damián Pazos Taboada como representante do estudantado e o nomeamento de Teresa Rey Souto como representante do PAS no Laboratorio Universitario de Participación
6. Proposta de convocatoria de concurso dos corpos docentes universitarios – **anexo IV** aprobada
7. Proposta de convocatoria de concurso PDI contratado: **anexo V** aprobada
8. Proposta de autorización de cambios de dedicación PDI: **anexo VI** aprobada
9. Proposta de nomeamento e renovación de profesores/as honorarios/as **anexo VII**: aprobada
10. Propostas de autorización de licenzas PDI: **anexo VIII** - aprobada
11. Proposta sobre o réxime retributivo do PDI en situación de IT: aprobada
12. Modificación da estrutura de áreas do Dpto. de Letras – **anexo X**: aprobada
13. Aprobada por asentimento a proposta de nova verificación do título de Máster Interuniversitario en Técnicas Estatísticas:
14. Proposta de modificación do Regulamento de Ética da Investigación e a Docencia da UDC: **anexo XI** - aprobada

Logo de se trataren todos os asuntos incluídos na orde do día, a sesión rematou ás 11:44.

De conformidade co disposto no artigo 18 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, o ficheiro electrónico comprensivo da gravación da sesión pode consultarse no seguinte enderezo:

<https://tv.udc.gal/video/5d9ef98d11cad1857a8b45dc>

(coa pegada dixital

**SHA-1: 9328917AEE63852220805F1A39FCBCB42E2862A1**

Código Seguro De Verificación	mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Julio Ernesto Abalde Alonso - Reitor Carlos Ignacio Aymerich Cano - Secretario Xeral	Asinado Asinado	06/11/2019 13:59:49 06/11/2019 13:56:54
Observacións		Páxina	10/10
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==">https://sede.udc.gal/services/validation/mf4dasKQ6obu+FOrqm6W9g==</a>		

